

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

- 6646** *Real decreto 462/2015, do 5 de xuño, polo que se regulan instrumentos e procedementos de coordinación entre diferentes administracións públicas en materia de axudas públicas dirixidas a favorecer o impulso da sociedade da información mediante o fomento da oferta e dispoñibilidade de redes de banda larga.*

A Axenda Dixital para España, aprobada polo Goberno na reunión do Consello de Ministros do 15 de febreiro de 2013, establece a estratexia de España para acadar os obxectivos da Axenda Dixital para Europa e persegue, entre outros obxectivos, fomentar o desenvolvemento de redes e servizos para garantir a conectividade dixital.

As redes de banda larga e, en especial, as de banda larga ultrarrápida son as infraestruturas que soportarán o mundo dixital dos vindeiros anos e a condición indispensable para poder competir nun mundo globalizado.

Por este motivo, a disposición adicional décimo cuarta da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, prevé que mediante real decreto se identificarán os órganos competentes e se establecerán os procedementos de coordinación entre administracións e organismos públicos, en relación coas axudas públicas á banda larga.

Pola súa vez, a disposición adicional décimo oitava da citada Lei xeral de telecomunicacións contén un mandato ao Goberno para establecer unha Estratexia nacional de redes ultrarrápidas que teña como obxectivo impulsar o despregamento de redes de acceso ultrarrápido á banda larga, tanto fixo como móbil, de cara a lograr a súa universalización, así como fomentar a súa adopción por parte de cidadáns, empresas e administracións, para garantir a cohesión social e territorial.

A dita estratexia debe adoptar as medidas precisas para acadar os obxectivos concretos de cobertura e adopción establecidos pola Axenda Dixital para Europa e incorporados á Axenda Dixital para España e, en particular, para lograr a universalización dunha conexión que permita comunicacións de datos de banda larga que se estenderá progresivamente, de forma que no ano 2017 acadará unha velocidade mínima da internet de 10 megabit por segundo (Mbps) e antes de finalizar o ano 2020 acadará en todos os usuarios unha velocidade mínima da internet de 30 Mbps, e que polo menos o 50% dos fogares poidan dispor de acceso a servizos de velocidades superiores a 100 Mbps.

Ademais, a estratexia deberá incluír políticas para incrementar a adopción e o uso da banda larga ultrarrápida entre cidadáns, empresas e administracións. En particular, considéranse prioritarias as actuacións necesarias para promover que os centros de saúde comarcais, as universidades públicas, os centros de ensino secundario públicos e todas as bibliotecas públicas en cidades e cabeceiras de comarca teñan unha conexión á rede pública de comunicacións con capacidade de acceso funcional á internet a unha velocidade mínima de 30 Mbps no ano 2016 e de 100 Mbps no ano 2020. Estas medidas articularanse coa debida colaboración e coordinación coas comunidades autónomas.

A teor de todo isto, o presente real decreto ten como fin garantir que as axudas que concedan as diferentes administracións públicas, que vaian dirixidas a favorecer o impulso da sociedade da información mediante o fomento da oferta e dispoñibilidade de redes de banda larga que posibiliten incentivar a economía e o emprego dixital e a prestación de servizos dixitais innovadores, resulten compatibles coa normativa sectorial de telecomunicacións e cos plans de banda larga do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Como menciona expresamente a citada disposición adicional décimo cuarta da referida Lei xeral de telecomunicacións, a convocatoria e o outorgamento das axudas deberá

respectar en todo caso o marco comunitario e os obxectivos estipulados no artigo 3 da dita lei.

Para tal efecto, convén destacar que as directrices da Unión Europea para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda larga, publicadas no DOUE coa referencia 2013/C 25/01 (en diante, directrices), establecen o procedemento e os criterios para a avaliación pola Comisión Europea da compatibilidade co mercado de tales axudas, a que se refire o artigo 107.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

As ditas directrices son de aplicación a todos os modelos de intervención que empreguen as autoridades públicas para apoiar os despregamentos de redes de banda larga, que poden adoptar, entre outras, as seguintes formas: asignación monetaria en forma de subvencións, préstamos en condicións mellores que aquelas que ofrece o mercado, apoio en especie, rede de banda larga (ou parte dela) explotada polo Estado ou rede de banda larga xestionada por un concesionario.

As mesmas directrices establecen unha serie de recomendacións aos Estados membros, para cuxo cumprimento é necesario atribuír funcións aos órganos nacionais competentes e fixar un mecanismo de coordinación entre eles co obxecto de establecer a base xurídica adecuada que permita facilitar o deseño das medidas que se vaian implantar, tratando de axilizar ao mesmo tempo o proceso de obtención da correspondente autorización por parte da Comisión Europea en materia de axudas de Estado.

En concreto, as mencionadas directrices establecen, en relación coa idoneidade da axuda estatal como instrumento político e deseño da medida, que é esencial a coordinación das intervencións que se leven a cabo a nivel nacional, rexional ou municipal para evitar duplicacións e incoherencias e animan os Estados membros a que, sempre que sexa posible, conciban plans de alcance nacional que conteñan os grandes principios reitores das iniciativas públicas. As directrices recoñecen o papel importante que deberían ter as autoridades nacionais de regulamentación en función dos coñecementos técnicos e da experiencia debido ao papel fundamental que lles atribúe a normativa sectorial. En España, as dúas autoridades nacionais de regulamentación en materia de telecomunicacións concernidas neste aspecto, de acordo co establecido na Lei xeral de telecomunicacións, son, por unha banda, o Goberno, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (SETSI) do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e, pola outra, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC).

Estas dúas autoridades nacionais de regulamentación son as mellor situadas para apoiar as administracións públicas en relación coas medidas de axuda no labor de identificar as zonas de actuación, determinar os prezos e as condicións para o acceso grosista e resolver litixios entre os solicitantes do dito acceso ás redes de banda larga. Así mesmo, en relación coa concepción da medida e a necesidade de limitar o falseamento da competencia, as directrices establecen que se deberá identificar claramente qué zonas xeográficas estarán cubertas pola medida de apoio, sempre que sexa posible en cooperación cos organismos nacionais competentes, e recomentan consultar a Autoridade Nacional de Regulamentación.

Polo dito, e en relación coas actuacións de coordinación sinaladas, o real decreto prevé a elaboración por parte da SETSI dun mapa detallado de cobertura de banda larga que facilite o deseño das sinaladas medidas de axuda.

Adicionalmente, tamén se prevé a aprobación de orientacións destinadas ás administracións públicas que pretendan conceder axudas dirixidas a favorecer o impulso da sociedade da información mediante o fomento da oferta e dispoñibilidade de redes de banda larga.

Non obstante, fundamentalmente, a coordinación das medidas de axuda garántese mediante a emisión por parte da SETSI dun informe sobre a compatibilidade da medida de axuda promovida en relación co réxime xurídico das telecomunicacións e cos plans de banda larga do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Este informe, que terá carácter vinculante no que se refire á dita compatibilidade, tamén abordará o cumprimento das

condicións establecidas nas directrices da Unión Europea, incluíndo os requisitos relativos aos prezos e ás condicións de acceso grosista que fosen comunicados pola CNMC.

Entre outros aspectos, para valorar se as medidas de axuda que pretendan conceder as administracións públicas son compatibles cos plans de banda larga do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, analizarase se resultan complementarias ás medidas que puxese en marcha o dito ministerio para o despregamento de redes de banda larga. A dita complementariedade poderá obedecer, entre outros motivos, a que se trate de medidas dirixidas a zonas concretas que polas súas especiais características precisan de actuacións específicas.

Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo pódense establecer limiares referidos, entre outros, á poboación beneficiada, ás características dos servizos que se vaian prestar ou á contía da axuda, por debaixo dos cales o informe da SETSI poderá ser substituído por unha declaración do órgano competente da Administración pública que pretenda conceder as axudas, ben que o real decreto establece que o informe da SETSI será obrigatorio no caso de medidas de axuda que se deban notificar á Comisión Europea en cumprimento das previsións do artigo 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Toda esta regulación incorporada polo presente real decreto supón que queda inaplicable a disposición adicional primeira da Circular 1/2010, do 15 de xuño de 2010, da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, pola que se regulan as condicións de explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas polas administracións públicas.

Por outra parte, figuran no real decreto dúas disposicións derradeiras modificativas de dous textos regulamentarios vixentes. Así, a disposición derradeira primeira modifica o Real decreto 964/2006, do 1 de setembro, polo que se aproba o Plan técnico nacional de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia. A modificación ten como finalidade a eliminación de trámites administrativos, o fomento da simplificación e eficacia administrativa e o impulso do uso de medios telemáticos nas relacións coa Administración, para o cal se deseña un novo procedemento conforme o cal a SETSI outorga as concesións de dominio público radioeléctrico vinculadas ás licenzas FM concedidas polas comunidades autónomas, analiza os proxectos técnicos e realiza as inspeccións previas á posta en funcionamento de cada emisora. Un dos trámites suprimidos consiste en que o proxecto técnico da emisora FM non ten que se presentar a través das comunidades autónomas senón directamente ante a SETSI.

A disposición derradeira segunda modifica o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico, aprobado polo Real decreto 863/2008, do 23 de maio, para facer posible a concesión dunha autorización provisional para a explotación dun recurso órbita-espectro, que está en proceso de planificación e coordinación na Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT). Con iso, tendo en conta os extensos prazos (arredor dos sete anos) que se manexan na planificación e coordinación na UIT destes recursos órbita-espectro, proporciónaselle seguridade xurídica e posibilidade de uso ao operador que instou a obtención do recurso órbita-espectro. A autorización provisional, como o seu nome indica, non é un título definitivo e queda sempre condicionada ao recoñecemento por parte da UIT do recurso órbita-espectro e á falta de problemas técnicos.

Por último, a disposición derradeira terceira procede á derogación do Código de conduta para a prestación dos servizos de tarificación adicional do 23 de xullo de 2004, tendo en conta a doutrina sentada polo Tribunal Supremo na súa sentenza da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do 29 de xaneiro de 2015.

Este real decreto, que consta de seis artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e sete disposicións derradeiras, dítase ao abeiro da competencia estatal en materia de telecomunicacións prevista polo artigo 149.1.21.^a da Constitución española.

Durante a súa tramitación, o real decreto foi obxecto de informe por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e polo Consello Asesor de Telecomunicacións e da Sociedade da Información, organismo no cal, ademais do sector das

telecomunicacións, están representadas as comunidades autónomas e as entidades locais. De conformidade co establecido na disposición adicional quinta da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, o informe deste órgano equivale á realización do trámite de audiencia regulado polo artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Así mesmo, o proxecto someteuse a informe do Ministerio de Facenda e de Administracións Públicas para efectos do establecido no artigo 24.3 desa mesma lei.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xuño de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto o establecemento de determinados instrumentos e procedementos de coordinación administrativa coa finalidade de garantir a adecuada coordinación das medidas de axuda que pretendan levar a cabo as diferentes administracións públicas que vaian dirixidas a favorecer o impulso da sociedade da información mediante o fomento da oferta e dispoñibilidade de redes de banda larga que posibiliten incentivar a economía e o emprego dixital e a prestación de servizos dixitais innovadores, así como asegurar que as ditas medidas de axuda sexan compatibles co réxime xurídico das telecomunicacións e cos plans de banda larga do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

2. Así mesmo, estes instrumentos e procedementos teñen tamén por obxecto facilitar o cumprimento por parte das administracións públicas que pretendan conceder axudas mencionadas no punto anterior das directrices da Unión Europea para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda larga, que figuran na Comunicación da Comisión Europea 2013/C 25/01.

3. Para os efectos deste real decreto, serán axudas aquelas que teñan esta consideración conforme o artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e consideraranse administracións públicas as identificadas no artigo 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as demais entidades que integran o sector público.

Artigo 2. *Mapa de cobertura.*

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información elaborará un informe anual de cobertura de banda larga ultrarrápida que facilite o deseño de medidas de axuda a que se refire este real decreto por parte das distintas administracións públicas e a identificación das zonas susceptibles de actuación, conforme as directrices da Unión Europea. Así mesmo, porá á disposición das administracións públicas que o soliciten a información que estas precisen para pór en marcha as medidas de axuda.

Para a identificación das zonas susceptibles de actuación, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información realizará unha consulta pública, dirixida aos axentes directamente interesados e, en particular, ás administracións públicas e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 3. *Informe preceptivo da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.*

1. As administracións públicas que pretendan conceder axudas dirixidas a favorecer o impulso da sociedade da información mediante o fomento da oferta e dispoñibilidade de redes de banda larga solicitarán á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a

Sociedade da Información a emisión dun informe cuxo contido e efectos se establecen no número 3.

Xunto coa solicitude presentarán unha descrición da medida e do proxecto de instrumento xurídico que fixe as bases para a concesión das axudas, onde deben estar incluídas as zonas de actuación, como mínimo tres meses antes da súa notificación á Comisión Europea. Cando se solicite informe sobre unha medida de axuda cuxa notificación á Comisión Europea non sexa preceptiva, esta solicitude presentárase cun mínimo de tres meses de antelación á súa aprobación.

2. A continuación, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información remitiralle á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información recibida da Administración pública interesada, na cal lle solicitará informe en relación cos requisitos relativos á fixación dos prezos e condicións de acceso grosista ás infraestruturas que sexan obxecto desas axudas.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá o dito informe á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información no prazo máximo de dous meses desde a solicitude.

3. O informe da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información pronunciarase sobre a compatibilidade da medida de axuda promovida en relación co réxime xurídico das telecomunicacións e cos plans de banda larga do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, onde, entre outros aspectos, se valorará a compatibilidade co mapa de cobertura de banda larga a que se refire o artigo 2 e a complementariedade coas medidas de axuda do dito ministerio. O informe terá carácter vinculante para a Administración pública solicitante que pretenda conceder as ditas axudas en todo o que se refire ao sinalado neste parágrafo.

No dito informe poderase incluír, así mesmo, unha avaliación sobre a adecuación da medida de axuda ás condicións establecidas nas directrices da Unión Europea e nas recomendacións para o seu cumprimento, recollendo o teor literal dos requisitos relativos á fixación dos prezos e das condicións de acceso grosista que fosen comunicados pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no informe que emita por solicitude da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

Artigo 4. *Limiars de referencia.*

1. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse establecer limiars referidos, entre outros, á poboación beneficiada, ás características dos servizos que se vaian prestar ou á contía da axuda, por debaixo dos cales non será obrigatorio solicitar á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información o informe a que se fai referencia no artigo 3 ou, alternativamente, o dito informe poderase substituír por unha declaración responsable do órgano competente da Administración pública que pretenda conceder as axudas, que versará sobre a compatibilidade da axuda co réxime xurídico das telecomunicacións e a súa complementariedade cos plans de banda larga do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Non obstante, o informe da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información será obrigatorio no caso de medidas de axuda que se lle deban notificar á Comisión Europea en cumprimento das previsións do artigo 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

2. No caso de que, conforme o previsto no punto anterior, o informe da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poida ser substituído por unha declaración responsable do órgano competente da Administración pública que pretenda conceder as axudas, esta declaración presentárase de acordo co procedemento e co contido que se fixe na dita orde referida no punto anterior, que tamén establecerá a documentación que se deberá remitir á mencionada Secretaría de Estado

Artigo 5. *Publicación de información e informes de seguimento.*

1. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información disporá dun portal da internet en que poderá publicar, directamente ou a través de enlaces, os seguintes contidos:

- a) Os plans de banda larga do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
- b) Os procedementos en curso sobre medidas de axuda, a que se refire este real decreto, que lle sexan notificados polas administracións públicas.
- c) A información que lle sexa remitida polas administracións públicas ou que lle sexa proporcionada a través da base de datos nacional de subvencións (BDNS) sobre as ditas medidas de axuda:

1.º Texto completo de cada medida de axuda aprobada e as súas disposicións de aplicación, ou un enlace a este.

2.º Nome da autoridade concedente.

3.º Nome dos beneficiarios das axudas concedidas, modalidade e importe da axuda, data de concesión, tipo de beneficiario (peme, grande empresa), localización xeográfica e principal sector económico en que o beneficiario desenvolve a súa actividade.

2. No caso de medidas de axuda que formen parte de réximes marco nacionais, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información elaborará e presentará os informes de seguimento que se deben enviar á Comisión Europea a partir da execución do proxecto que recibiu a axuda, e cada dous anos mentres dure a medida de axuda, consolidando a información relativa ás medidas individuais que lle sexa remitida polas administracións públicas.

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información remitirá unha copia destes informes de seguimento á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 6. *Resolución de conflitos de acceso.*

De acordo co sinalado no artigo 15 da Lei 9/2014, xeral de telecomunicacións, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia coñecerá dos conflitos en relación co acceso grosista ás redes de banda larga que fosen obxecto de axuda.

Disposición adicional única. *Orientacións e directrices.*

1. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», poderanse aprobar orientacións destinadas ás administracións públicas que pretendan conceder axudas dirixidas a favorecer o impulso da sociedade da información mediante o fomento da oferta e dispoñibilidade de redes de banda larga.

2. Nas ditas orientacións incluíranse directrices sobre os principios aplicables á fixación das condicións e tarifas de acceso grosista.

O prezo de acceso grosista deberase basear nos principios de fixación de prezos establecidos pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e en patróns comparativos, e deberá ter en conta a contía e modalidade de axuda recibida.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o contido que se deberá incluír nestas orientacións en relación cos principios aplicables á fixación das condicións e tarifas de acceso grosista.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos informes de compatibilidade.*

Mentres non se aprobe a orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo a que se fai referencia no artigo 4, as administracións públicas que pretendan conceder axudas dirixidas a favorecer o impulso da sociedade da información mediante o fomento da oferta e dispoñibilidade de redes de banda larga só están obrigadas a solicitar o informe de

compatibilidade da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información cando as ditas medidas de axuda se lle vaian notificar á Comisión Europea en cumprimento das previsións do artigo 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ou ben cando as ditas medidas de axuda se acollan aos regulamentos polos cales se eximen determinadas categorías de axudas da obriga de notificación, adoptados conforme o artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 994/98 do Consello, do 7 de maio de 1998, sobre a aplicación dos artigos 92 e 93 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea a determinadas categorías de axudas estatais horizontais, modificado polo Regulamento (UE) n.º 733/2013, do Consello, do 22 de xullo de 2013.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 964/2006, do 1 de setembro, polo que se aproba o Plan técnico nacional de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.*

Modifícase o artigo 3 do Real decreto 964/2006, do 1 de setembro, polo que se aproba o Plan técnico nacional de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 3. *Concesións de dominio público radioeléctrico vinculadas ás licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.*

1. As concesións de dominio público radioeléctrico vinculadas ás licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia outorgaranse conforme as características técnicas establecidas no Plan técnico nacional que se aproba mediante este real decreto e conforme o procedemento que se regula nos puntos seguintes.

2. Unha vez que o órgano competente da comunidade autónoma lle comunicase á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información os datos dos titulares aos cales lles fosen adxudicadas por concurso pola dita comunidade autónoma as licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, logo de solicitude do titular da licenza, outorgará a concesión de dominio público radioeléctrico vinculada a cada licenza. O prazo para resolver sobre o outorgamento da concesión de dominio público radioeléctrico anexa á licenza será de tres meses contados desde a presentación da solicitude.

3. No prazo de catro meses contados desde o outorgamento da correspondente concesión de dominio público radioeléctrico, o titular da concesión remitirá á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información o proxecto técnico de instalación da emisora, de acordo cos formularios e procedementos establecidos para o efecto na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información resolverá sobre a aprobación do proxecto técnico no prazo de seis meses, contados desde a súa presentación.

4. Realizada a instalación da emisora, o titular da concesión solicitará á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información a autorización de posta en funcionamento da emisora, que require a inspección preceptiva e previa das instalacións por parte dos servizos técnicos da dita Secretaría de Estado, que disporán dun prazo de tres meses contados desde a presentación da solicitude para levala a cabo.

Unha vez efectuada a inspección e comprobado que as instalacións se axustan ao proxecto técnico aprobado, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información procederá a autorizarlle a posta en funcionamento da emisora ao titular da concesión.

5. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, por petición da comunidade autónoma concedente da licenza audiovisual, informará sobre o estado de tramitación dos procedementos de aprobación dos proxectos técnicos e autorizacións de posta en funcionamento, correspondentes ás concesións de dominio público radioeléctrico vinculadas ás licenzas outorgadas por ela.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento de desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado polo Real decreto 863/2008, do 23 de maio.*

Modifícase o número 2 do artigo 31 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado polo Real decreto 863/2008, do 23 de maio, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. Unha vez publicada pola UIT a información relativa á solicitude de reserva de recurso órbita-espectro presentada polo Reino de España, poderase outorgar unha autorización provisional para a explotación do dito recurso, de se reuniren todas as condicións requiridas para a dita explotación. En todo caso, a autorización estará condicionada ás características técnicas e ás limitacións derivadas do proceso de coordinación internacional e poderá ser cancelada de se produciren problemas técnicos na explotación do recurso órbita-espectro ou se a UIT non recoñece a reserva do recurso órbita-espectro a favor do Reino de España.»

Disposición derradeira terceira. *Derrogación do Código de conduta para a prestación dos servizos de tarificación adicional.*

Queda derrogado o Código de conduta para a prestación dos servizos de tarificación adicional, do 23 de xullo de 2004, así como o número 1 do artigo quinto da Orde PRE/361/2002, do 14 de febreiro, de desenvolvemento, no relativo aos dereitos dos usuarios e aos servizos de tarificación adicional, do título IV do Real decreto 1736/1998, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve o título III da Lei xeral de telecomunicacións.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Directrices da Unión Europea.*

O presente real decreto dítase en aplicación das directrices da Unión Europea para a execución das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda larga, que figuran na Comunicación da Comisión Europea 2013/C 25/01.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo ditará, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de xuño de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ